

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2020**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Jonathan I. Miranda Lucas
Alberto Iglesias Fraguela
M^a José Fraguela López
Ana I. Fachal Fraguela
Ana B. Gómez Aneiros
Carmen del Río Fraguela

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día sete de febreiro de dous mil vinte, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

GRUPO PP:

Ana M^a López Fernández
M^a Elisa Rodríguez Cornide

GRUPO MIXTO:

X. Uxío Cerecedo González

AUSENTES:

José Luís Pérez Pérez

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA ACTUAL:

M^a Carmen Fontela Cobelo

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES: 29/11/2019 E 17/12/2019

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 505/2019 DE 02/12/19 ATA O 48/2020 DE 03/02/2020

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS CIFRAS DE POBOACIÓN RESULTANTES DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2019.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, DE FINCA UBICADA EN FEÁS.

5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020

6º.- MOCIÓNS

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....
.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES: 29/11/2019 E 17/12/2019

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 29/11/2019 e 17/12/2019, respectivamente, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

A acta de 29/11/2019 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de José M. Alonso Pumar, Carmen del Río Fraguela e Jose Luís Pérez Pérez, por non asistir á mesma.

A acta de 17/12/2019 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Carmen del Río Fraguela, Ana I. Fachal Fraguela e Uxío Cerecedo González, por non asistir á mesma.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 505/2019 DE 02/12/19 ATA O 48/2020 DE 03/02/2020

O Pleno quedou enterado dos Decretos de Alcaldía de referencia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS CIFRAS DE POBOACIÓN RESULTANTES DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2019.

O Pleno quedou enterado que as cifras de poboación a 1 de xaneiro de 2019 é de 3.838 habitantes.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, DE FINCA UBICADA EN FEÁS.

Visto o ditame da C.I. de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo de data 03/02/2020, que di:

Mediante Decreto Alcaldía 703/2018, de data 28/12/2018 e previo expediente tramitado ao efecto, este Concello adquire o pleno dominio das fincas con referencias catastrais 9283606NJ8398S0001GF e 9283612NJ8398S0001LF , relacionadas a continuación:

Ubicación	Lugar Airado
Nome	Parroquia: Feás Municipio: Cariño (A Coruña)
Lindeiros	Norte: segundo título con camiño, e na actualidade segundo catastro, parcela pertencente a Juan R. Anido Piñón con referencia catastral 9283605NJ8398S0001YF. Sur: segundo título con Eusebio Paz, segundo catastro na actualidade, con parcela pertencente á Diócesis Mondoñedo-Ferrol, con referencia catastral 9283607NJ8398S0001QF. Este: con camiño. Oeste: segundo título, finca de Juan R Anido Piñón e M ^a Pilar García Castro, e na actualidade, segundo catastro, con parcelas pertencentes a Ivan Pardo Lage, con referencia catastral 9283609NJ8398S0001LF, M ^a Dolores Castro Cao, con referencia catastral 9283613NJ8398S0001LF e con parcela en investigación
Título	Permuta do causante con finca que lle pertencía con carácter privativo.
Inscripción rexistral	Inscrita no Rexistro da propiedade de Ortigueira, tomo 620, libro 53, folio 51, finca nº 6.237
Referencia catastral	9283606NJ8398S0001GF
Superficie:	solo: 442 m2

.....

Ubicación	Lugar San Roque
Nome	Parroquia: Feás Municipio: Cariño (A Coruña)
Lindeiros	Norte e Oeste: con parcela con referencia catastral 9283607NJ8398S0001QF, pertencente á Diócesis de Mondoñedo-Ferrol; e Sur e Este, con camiño.
Título	Por herencia do causante.
Inscrición rexistral	Inscrita no Rexistro da propiedade de Ortigueira, tomo 620, libro 53, folio 53, finca nº 6.238
Referencia catastral	9283612NJ8398S0001LF
Superficie:	solo: 196 m2

Consta no expediente escritura pública de compraventa nº 145, de data 12/03/2019, e inscritas no Rexistro da Propiedade coas seguintes referencias:

-Finca nº 6.237, inscrición 2ª, folio 51 do libro 53 de Cariño, tomo 620 do arquivo, Código rexistral único: 15015000710844.

-Finca nº 6.238, inscrición 2ª, folio 53 do libro 53 de Cariño, tomo 620 do arquivo, Código rexistral único: 15015000710851.

Como consecuencia da adquisición do mencionado ben inmovible, faise necesaria a súa incorporación ao Inventario Municipal de Bens.

A Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e turismo, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Dar de alta no Inventario Municipal de Bens de este Concello as fincas con referencias catastrais 9283606NJ8398S0001GF e 9283612NJ8398S0001LF, , segundo o cadro de características descrito con anterioridade.

SEGUNDO: Aprobar a modificación que a alta do citado ben supón no Inventario de Bens do Concello de Cariño, coa incorporación da correspondente ficha.

O Alcalde explica que se trata de incorporar ao Inventario municipal de Bens unha finca anexa ao cemiterio de Feás adquirida o ano pasado co obxecto de crear un parque infantil e un aparcadoiro en dita zona.

Non efectuándose observacións, o Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

PRIMEIRO: Dar de alta no Inventario Municipal de Bens de este Concello as fincas con referencias catastrais 9283606NJ8398S0001GF e 9283612NJ8398S0001LF, segundo o cadro de características descrito con anterioridade.

SEGUNDO: Aprobar a modificación que a alta do citado ben supón no Inventario de Bens do Concello de Cariño, coa incorporación da correspondente ficha.

5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020.

Visto o ditame da C. I. de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia de 03/02/2020, que di:

Formado por esta Alcaldía-Presidencia o Orzamento da Entidade local para o exercicio de 2020, tal e como establece o artigo 168 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao que se une a documentación complementaria expresada no referido artigo; informado pola Intervención municipal.

A C.I de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, por tres votos a favor do grupo municipal do PsdeGa-PSOE, un voto en contra do Grupo Mixto e unha abstención do PP, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2020, co seguinte resumo por capítulos en ingresos e gastos:

Estado de ingresos

	Suma	total	dos	gastos
3.551.770,10 €				
<i>Capítulo 1. Impostos directos</i>				
900.061,08 €				
<i>Capítulo 2. Impostos indirectos.</i>				
20.000,00 €				
<i>Capítulo 3. Taxas e outros ingresos</i>				
651.800,00 €				
<i>Capítulo 4. Transferencias correntes</i>				
1.575.183,37 €				
<i>Capítulo 5. Ingresos patrimoniais</i>				
50.000,00 €				
	<i>Total operacións correntes</i>			
3.197.044,45 €				
	<i>Capítulo 6. Enaxenación de inversións reais</i>			
0,00 €				

Capítulo 7. Transferencias de capital	354.725,65 €
Capítulo 8. Activos financeiros	0,00 €
Capítulo 9. Pasivos financeiros	0,00 €
Total operacións de capital	354.725,65 €

Suma	total	dos	ingresos
3.551.770,10 €			

Estado de Gastos

Capítulo 1. Gastos de persoal	1.744.202,28 €			
Capítulo 2. Gastos en bens correntes e de servizos	1.332.559,58 €			
Capítulo	3.	Gastos		financieros
2.500,00 €				
Capítulo	4.	Transferencias		correntes
107.940,00 €				
Total		operacións		correntes
3.187.201,86 €				
Capítulo	6.	Inversións		reais
364.568,24 €				
Capítulo	7.	Transferencias	de	capital
0,00 €				
Capítulo 9. Pasivos financeiros				
0,00 €				
Total operacións de capital				
364.568,24 €				

SEGUNDO: Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO: Aprobar a plantilla comprensiva de todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do orzamento.

CUARTO: Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha.

QUINTO: Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004.

O Alcalde comenta que traen o orzamento dentro do primeiro trimestre do ano, á vista dos avances de peche de ano. Explica que hai obras que se van a realizar con cargo a achegas de outras entidades supramunicipais, e que non van incorporadas no orzamento, co obxecto de que éste sexa o máis realista posible, aínda que resulta lóxico pensar que ese tipo de obras se acaban facendo sempre, como as incluídas dentro do Agader ou do POS.

Engade que realizan unha aposta forte dentro do capítulo 2 en temas asistenciais, por exemplo o Servizo de Axuda no Fogar, orzamentándose arredor dos 400.000 euros, e iso, en detrimento do capítulo de obras xa que a Deputación provincial incrementa o plan de obras e os cartos das obras soamente se poden destinar a ese fin.

Di que existen outras obras de maior calado que tampouco están incluídas no orzamento, por exemplo o proxecto do IDAE para modernizar o alumeadado do Concello e cumprir co Protocolo de Medio Ambiente da Unión Europea, e que se fará con inversión exclusivamente pública, aportando o Concello soamente unha pequena parte.

Uxío Cerecedo reitera que lle parece unha falta de respecto entregar os orzamentos a semana pasada, con catro días de antelación á Comisión Informativa, xa que eles necesitan máis tempo para estudar os mesmos, pola súa complexidade, e que lles parece razón máis que suficiente para votar en contra, e que agarda que para o seguinte non ocorra o mesmo.

Pregunta se se correxiu no capítulo 1 o que se comentou na Mesa de negociación, o tema dos soldos que non chegaban ao Salario Mínimo Interprofesional.

O Alcalde resposta que se falou coa Interventora e efectivamente non se tiñan incluído o incremento do salario mínimo a 900 euros, pero que no capítulo 1 existe bolsa suficiente para iso, e que lóxicamente se vai a correxir.

Uxío Cerecedo comenta que non acaba de entender ben como corrixen iso, xa que aparece por separado algún complemento na táboa de salarios, e que sumando ese complemento co soldo dos traballadores que esa sería a solución idónea.

O Alcalde dille que o erro viña na propia táboa.

Uxío comenta que están a falar dunhos orzamentos que teñen erros, e que non lles parece ben.

Engade que no anexo de investimentos non se recolle nin a metade dos gastos do capítulo 6, que logo aparecen nos orzamentos, que no capítulo 6 hai obras que aparecen nos orzamentos de gastos, e que non aparecen reflexados no anexo de investimentos.

O Alcalde explica que se trata das partidas xenéricas, que normalmente non se inclúen no capítulo 6, por exemplo, o mantemento básico de vías, que levan aparelladas contías non moi altas.

Uxío Cerecedo di que en xeral os investimentos do capítulo 6 que son bastante escasos, que xa sabe que veñen subvencións da Deputación e outras Administracións públicas, pero que os investimentos con fondos propios do Concello que teñen vantaxe sobre os subvencionados xa que dan menor traballo administrativo e que hai maior liberdade á hora de executalos. E que iso permitiría que o Concello puidese facer o seu propio plan de obras, demostrando que existe un plan de investimentos municipal a medio e longo prazo, e insiste en que lles parecen poucos cartos para este fin.

Engade que no informe de Intervención, cando fai referencia ao estado de ingresos, que se fala dunha devolución de prezos públicos e taxas de arredor de 100.000 euros, pero que non se explica ben.

O Alcalde explica que unha das cousas importantes que tivo que ver co IBI, coa revalorización catastral do solo e que iso, diminuíu os ingresos en case 70.000 euros, afectando polo tanto aos ingresos municipais. Comenta que ten que sentarse cos voceiros dos grupos municipais para debater o tema da posible subida de impostos e taxas. Di que houbo anos de crise económica, e que o goberno anterior decidiu non incrementar as taxas debido ás dificultades que estaba a atravesar a sociedade, pero que a día de hoxe que ao mellor hai que plantexarse outras cousas, xa que existen impostos, como o de vehículos, que levan dez anos sen subirse, e que se trata de unha cuestión que hai que analizar entre todos e todas.

Uxío Cerecedo dille ao Alcalde que contan co apoio deles para debater, pero que lles molesta que pidan ese apoio para as cousas malas, como subir os impostos aos veciños, e que para outras cousas non o piden.

Pregunta se se está esixindo o pago da débeda viva, ao que o Alcalde resposta negativamente.

Pregunta Uxío Cerecedo se hai moi poucos cartos de débeda do ano 2008 e 2009.

O Alcalde resposta que se trata de correccións de liquidacións posteriores, e que se van pedindo agora con respecto a anos anteriores.

Uxío Cerecedo comenta que na memoria de Alcaldía se fala de que existe boa sintonía coa Deputación provincial, e pídelles que explique iso.

O Alcalde dille que existe unha boa relación coa Deputación, e que tratan de ter unha boa relación tamén con todas as Administracións públicas.

Explica Uxío Cerecedo que na liquidación de 2018 que hai desviacións importantes, tanto por pasarse en gastos como que non se gastaron determinadas partidas, por exemplo en gastos xerais. E, que hai outras partidas nas que se dobraron os gastos previstos, por exemplo en festas e festexos, gastando arredor de 60.000 euros, e que iso lles parece unha barbaridade, xa que gastan máis en iso que en fomento do emprego, e que é algo que non entenden.

Engade que en Protección Civil que tiñan prometido ese servizo pero que a partida soamente está dotada con 2.700 euros, que non sabe en que se gastarán, pero que ten claro que en reorganizar o servizo de Protección Civil que non.

Que en Urbanismo, no programa 151, en outros traballos realizados, que se inclúen 26.500 euros, e que imaxina que son destinados á oficina de asesoramento urbanístico, e que se gastan eses cartos para ese fin, que igual era bo incluír tamén na Relación de Postos de Traballo un posto de traballo para iso.

O Alcalde coméntalle que na Relación de Postos de Traballo que vai incluído un arquitecto.

Uxío Cerecedo comenta que o gasto máis importante en Urbanismo que é a redacción do Pepri, pero que non saben en que estado está.

O Alcalde di que hai un calendario de execución aprobado a catro anos, e que se levou a Pleno, que van no segundo ano, e que cada ano se gasta menos xa que os anos de maior inversión que son os primeiros.

Uxío Cerecedo di que en vías públicas que hai obras pequenas non contempladas no anexo de inversións, que hai unha obra de aproximadamente 252.000 euros no programa 1532.61900 de vías públicas, e pregunta con qué se corresponde.

Jonathan Miranda resposta que se trata do anexo de inversión sumado.

O Alcalde rectifica e di que non se trata de todo o anexo de inversións, que son os tres POS.

Uxío Cerecedo di que de alcantarillado que levan 5.150 euros, e que lles parece pouco, e que non se inclúen estudos nin traballos técnicos para o estudo da rede.

Alberto Iglesias coméntalle que se vai a realizar a través do Fondo de Compensación Ambiental.

Uxío Cerecedo di que botan de menos máis cartos propios para este tipo de investimentos, e que non ven un plan claro para saneamento. Pregunta se na partida de abastecemento domiciliario de auga, en outros traballos realizados por empresas, se ahí están incluídos os traballos realizados polos fontaneiros. Pregunta se se sacou a concurso ese servizo e que eles ven a necesidade de meter na Relación de Postos de Traballo a praza de fontaneiro. A continuación, indica que con respecto á recollida de residuos, que arredor de 111.000 euros que van destinados a Sogama, e que eles propuxeron algunha vez crear un organismo alternativo a Sogama, a nivel comarcal, xa que sería bo para rebaixar esa perda de cartos con Sogama.

O Alcalde comenta que sobre ese tema mantiveron conversas con outros Concellos como Moeche ou San Sadurniño, pero que non acaban de arrancar, e que está dacordo co que plantexa, xa que están metidos nun monopolio dende a Administración.

Uxío Cerecedo comenta que o gasto de alumado público que é bastante importante, e o Alcalde dille que baixou bastante de todas formas.

Engade Uxío Cerecedo que agardan que baixe aínda máis co IDAE. Indica tamén que outra partida que se incrementa bastante é a da electricidade, e que igual poderíase incluír na Relación de Postos de Traballo un electricista municipal e así racionalizarse o uso das farolas.

O Alcalde di que iso non vai contemplado no proxecto do IDAE e que algúns tramos se inclúen con sensor porque é menor gasto. E que en canto ao gasto de electricidade, que está dacordo con el, aínda que o gasto se reduciu considerablemente, pero que o gasto principal que non é tanto o do electricista senón de consumo, xa que no consumo existen unhas cambios tremendos, e que cre, que se vai a baixar tamén o gasto de mantemento eléctrico.

Uxío Cerecedo di que no programa 221 aparecen outras prestacións económicas a favor de..., pero que a frase se cortou, porque non cabe todo o título no papel, e pregunta con qué se corresponde.

O Alcalde di que non sabe, que ten que miralo.

Uxío Cerecedo comenta que en asistencia social primaria que se van moitos cartos pero que o ven xusto pola poboación envellecida que ten o Concello, que se trata de algo ben gastado aínda que debería ser competencia da Xunta de Galicia.

O Alcalde di que o Servizo de Axuda no Fogar se trata de unha competencia autonómica, que están traendo a Pleno un orzamento de 3.000.000 euros aproximadamente, e que os gastos que ao Concello lle custa o servizo é de arredor de 700.000 euros.

Uxío Cerecedo comenta que ten unha dúbida con respecto ás subvencións, que hai en total orzamentados 12.000 euros, e pregunta a qué se destinan, con independencia de Aspromor.

O Alcalde dille que a subvención de Aspromor que vai independente.

Jonathan Miranda dille que ahí van incluídas as axudas á natalidade, axudas de emerxencia social, etc...

Uxío Cerecedo explica que no programa 241 de fomento do emprego, que aparte de determinados cartos destinados a persoal laboral, que soamente se inclúen 60.000 euros para axudas a emprendedores, que xa existían dende o ano 2015. Que lles parece moi pouco, e que lles parece grave que esa cantidade sexa menor á destinada para festas e festexos. Fai constar que non hai dotación económica para a Oficina de Desenvolvemento Local.

Pregunta quen limpa o colexio de primaria, e o Alcalde resposta que teñen o mesmo persoal pero que hai xente de baixa médica, pero que os salarios se inclúen no capítulo 1, que están orzamentados 105.000 euros e que a Xunta de Galicia tamén debería facerse cargo diso.

Uxío Cerecedo comenta que na área de Cultura 330 aparece un gasto de 3.300 euros e que non sabe con qué se corresponde.

O Alcalde dille que se corresponde con calquera gasto eléctrico da Casa da Cultura.

Uxío Cerecedo comenta que en biblioteca e arquivos que non saben a que se corresponden os traballos realizados por outras empresas.

O Alcalde dille que se refire a gastos relacionados co mantemento da biblioteca, por exemplo reparación dun ventanal.

Uxío Cerecedo engade que en promoción cultural hai un local adscrito a esta área, e Jonathan Miranda resposta que nun lado vai o local social e noutro a biblioteca, pero non sabe se están separados.

Uxío Cerecedo pregunta que dentro de estudos e traballos técnicos que hai orzamentados 16.000 euros, e que non sabe con qué se corresponden.

Jonathan Miranda dille que con contratos de campamentos, envellecemento activo, etc...

Uxío Cerecedo engade que para festas populares e festexos que se inclúen 68.000 euros, e lembra que é maior que o destinado para o fomento do emprego, e cre que hai que ponderar un pouco. Sorpréndelle que o aluguer da carroza de Reis que costara catro mil euros e pico.

Explica que en promoción e fomento do emprego, que algunha vez dixeron que pretendían eliminar as subvencións directas, e que se substituiran por unha convocatoria xeral de subvencións. E que, por outro lado, se paga moito a Portos, arredor de 27.600 euros de cánon.

O Alcalde di que están dacordo que ese cánon é unha barbaridade.

Uxío Cerecedo dille ao Alcalde que agarda que unha vez reunido co Secretario de Estado de Medio Ambiente, a sintonía co goberno central que axude.

O Alcalde explica que esta semana tiveron unha reunión coa presidenta de Portos, que relataron a situación outra vez, xa que hai 18 portos na mesma situación, e que lle transmite a vontade de transferir os solos que non son de uso portuario, porque están fóra da legalidade. Indica que se non hai unha interlocución sería, que queda a vía de denunciar á Xunta de Galicia a través do xulgado.

Uxío Cerecedo comenta que en información e promoción turística que o gasto lles parece moi moderado, contando con que se reciba unha subvención de 8.000 euros para promoción turística.

Que con respecto aos órganos de goberno, incluídos os salarios de concelleiros e alcalde e asistencias, que se orzamentan 123.460 euros, a cifra máis alta dos últimos anos, xa que nos orzamentos de 2018 non chegaban a 53.000 euros. E, por outra parte, pregunta se os 21.000 euros das primas de seguro inclúen todo.

O Alcalde resposta afirmativamente, indica que no último concurso que se unificou todo e que se fixo unha baixa de arredor de 13.000 euros, e que a idea é volver a sacar a licitación.

Uxío Cerecedo pregunta para que é a partida de 7.500 euros en edificios administrativos.

O Alcalde resposta que se están a facer cambios de división na zona de administración xeral.

Uxío Cerecedo está dacordo con esta idea, di que está moi mal repartido, que fai falta unha reorganización. Pregunta para que son os 18.000 euros de gastos diversos.

O Alcalde dille que non o sabe agora mesmo, que pode ser para diverso material.

Uxío Cerecedo di que en xestión de patrimonio se inclúen en mobiliario 17.550 euros, e Jonathan Miranda resposta que se refire ao equipamento do soto.

Uxío Cerecedo destaca o tema das taxas de Portos, que son elevadísimas, o gasto en enerxía eléctrica que tamén é moito, que agardan que baixe, ao cambiar os leds das farolas, que o capítulo adicado a combustible e carburante que tamén é elevado, e que resulta ademáis chamativo que o Concello teña que pagar a terceiros por outros traballos realizados (arredor de 650.000 euros a outras empresas).

O Alcalde incide en que soamente no Servizo de Axuda no Fogar se van 350.000 euros.

Uxío Cerecedo comenta que non se ve un Plan de renovación urbana e que falta diñeiro para investir en desenvolvemento local, que é básico e fundamental.

O Alcalde agradécelle que estudara o orzamento en tan pouco tempo, pide disculpas por entregalo con tan pouco tempo de antelación, e comprométese no sucesivo a entregalo con 15 días de antelación, que está foi unha situación un tanto sobrevida e que o desvincule do feito de que teñan maioría absoluta.

Toma a palabra M^a Elisa Rodríguez, e reitera o manifestado na Comisión Informativa, o pouco prazo que se concedeu para revisar os orzamentos, xa que non o puideron revisar ben debido a ese motivo e porque eles fan máis traballo de campo. Considera que as contas relativas a outros gastos diversos e traballos por conta allea que son cantidades que están sen especificar, e que espera que o especificquen cando se lles pida por escrito.

O Alcalde coméntalle que por iso é unha partida xenérica, para recoller imprevistos.

M^a Elisa Rodríguez dille que ela nas contas xerais sí que os pode pedir.

O Alcalde dille que a conta xeral xa foi a pleno e que se puido revisar, ao igual que os decretos.

M^a Elisa Rodríguez dille que ela lle preguntaba se podía solicitar por escrito que especificara a onde van esas contas, e o Alcalde dille que non hai problema.

Jonathan Miranda explícalle que existe unha Orde do Ministerio que establece eses programas.

M^a Elisa Rodríguez quere que quede constancia que non recibiron notificación da convocatoria da mesa de negociación anterior, e piden desculpas aos traballadores por non asistir.

O Alcalde dille que se cometeu un erro dende o Concello, e que cre que eles non o manexaron ben porque se tratou do erro dunha persoa e que expoñelo ao público non foi o adecuado. Que piden desculpas, que houbo un erro na notificación, pero que sí se mandou un mail cos asuntos incluídos na orde do día.

M^a Elisa Rodríguez dille que fai dous meses tampouco se lle avisou para unha mesa de contratación, e queren que non sexa repetitivo.

A continuación pregunta cuántas horas ten asignado a Xunta de Galicia ao Servizo de Axuda no Fogar.

O Alcalde di que de memoria non o sabe, que tería que míralo.

M^a Elisa Rodríguez preguntalle se sabe cantas horas quedaron sen usar no ano 2019, e o Alcalde resposta que as que quedaron ao comezo, xa que é moi difícil prestar os servizos cando non hai partida orzamentaria, porque conceden as horas avanzado o ano.

M^a Elisa Rodríguez comenta que hai moitas persoas que están agardando por esa axuda a domicilio.

Jonathan Miranda insiste co tema dos gastos diversos, explica que está regulado nunha Instrucción de Contabilidade do Ministerio, e despois o que hai que ver na execución das partidas como se gastan.

Engade que sobre o tema da dependencia, que eles non queren facer demagogia coas horas, que hai que cumprir coa legalidade á hora de sacar o concurso, cumprindo os prezos, e que non se poñen en marcha de un día para outro. Engade que tamén se incrementou algún servizo de dependencia, e piden que asuma a competencia completamente a Xunta de Galicia, xa que é a que avalia aos dependentes.

O Pleno corporativo, por sete votos a favor do grupo municipal PSdeGa e tres votos en contra dos grupos municipais do Partido Popular e Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2020, co seguinte resumo por capítulos en ingresos e gastos:

Estado de ingresos

Suma total dos gastos	3.551.770,10 €
Capítulo 1. Impostos directos	900.061,08 €
Capítulo 2. Impostos indirectos.	20.000,00 €

Capítulo 3. Taxas e outros ingresos	651.800,00 €
Capítulo 4. Transferencias correntes	1.575.183,37 €
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	50.000,00 €
Total operacións correntes	3.197.044,45 €
Capítulo 6. Enaxenación de inversións reais	0,00 €
Capítulo 7. Transferencias de capital	354.725,65 €
Capítulo 8. Activos financeiros	0,00 €
Capítulo 9. Pasivos financeiros	0,00 €
Total operacións de capital	354.725,65 €
Suma total dos ingresos	3.551.770,10 €

Estado de Gastos

Capítulo 1. Gastos de persoal	1.744.202,28 €
Capítulo 2. Gastos en bens correntes e de servizos	1.332.559,58 €
Capítulo 3. Gastos financeiros	2.500,00 €
Capítulo 4. Transferencias correntes	107.940,00 €
Total operacións correntes	3.187.201,86 €
Capítulo 6. Inversións reais	364.568,24 €
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00 €
Capítulo 9. Pasivos financeiros	0,00 €
Total operacións de capital	364.568,24 €

SEGUNDO: Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO: Aprobar a plantilla comprensiva de todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do orzamento.

CUARTO: Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha.

QUINTO: Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004.

5.- MOCIÓN

5.1.-MOCIÓN PRESENTADA EN DATA 03/02/2020 (RE Nº 98) POLO GRUPO SOCIALISTA DE APOIO ÁS PERSOAS CON ALZHEIMER E OS SEUS FAMILIARES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade de Alzheimer é unha causa de demencia, a principal, pero non a única. É unha enfermidade dexenerativa cerebral na que se perden neuronas, prodúcese o acúmulo dunha proteína anormal (amiloide) e mostra lesións características (placas senís e nobelos neurofibrilares).

Os cambios demográficos que sofren as sociedades occidentais co aumento da esperanza de vida e por tanto de enfermidades máis habituais a idades avanzadas, fixeron que as demencias en xeral e a enfermidade de Alzheimer en particular, pasasen a ser consideradas un problema de saúde de capital importancia.

A enfermidade de Alzheimer é unha patoloxía ligada ao envellecemento que aumenta en maiores de 65 anos, sendo a prevalencia dun 7% neste grupo de poboación, e próxima ao 50% en maiores de 85 anos. Dado que o envellecemento poboacional actual e proxectado son crecentes, a enfermidade de alzheimer é un problema sociosanitario de primeira magnitude. Na actualidade en España a cifra de persoas afectadas é de aproximadamente 1.200.000, cifra que se aproxima aos 5.000.000 se contamos coa familia.

O Alzheimer presenta un importante impacto sociosanitario, tanto pola súa frecuencia como por ser unha das causas máis habituais de discapacidade no adulto. Segundo datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), máis de 35 millóns de persoas no mundo sofren algún tipo de demencia. A enfermidade de Alzheimer constitúe a primeira causa de demencia (ata o 70%) no primeiro mundo.

Neste contexto, a Confederación Española de Alzheimer (CEAFA) vén desempeñando un papel activo na reivindicación e defensa dos dereitos das persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e doutras demencias, participando na concepción e elaboración do Plan Nacional de Alzheimer e outras demencias 2019-2023.

Neste momento o Plan Nacional de Alzheimer e doutras demencias 2019-2023, impulsado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social foi aprobado tanto no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais, como no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, órganos compostos polas diferentes Comunidades e Cidades Autónomas xunto á Administración Xeral do Estado.

Polo que se insta ao Goberno de España a que acelere a posta en marcha do Plan Nacional de Alzheimer e outras demencias 2019-2023 e elévese á súa aprobación definitiva ao Consello de Ministros unha vez se aproben os Orzamentos Xerais do Estado e que estes contemplan a partida específica de financiamento que o Plan necesita.

Le a moción o Alcalde.

Uxío Cerecedo engade que seguramente todo o mundo ten coñecidos con esta enfermidade, e que aproveita para dicir que para facilitar ás familias que coidan estas persoas, que sería importante a nivel local poñer en funcionamento o centro de día, e que é importante a colaboración do Estado, Xunta de Galicia e Concellos.

M^a Elisa Rodríguez di que están dacordo coa moción.

Jonathan Miranda comenta que son conscientes da necesidade do centro de día.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Instar ao Goberno de España a que acelere a posta en marcha do Plan Nacional de Alzheimer e outras demencias 2019-2023 e elévese á súa aprobación definitiva ao Consello de Ministros unha vez se aproben os Orzamentos Xerais do Estado e que estes contemplan a partida específica de financiamento que o Plan necesita.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Uxío Cerecedo ROGA que os 60.000 euros que se pasaron de fomento de emprego a outras partidas, que agarda que se apliquen este ano.

O Alcalde coméntalle que faláron coa Interventora e que non lles deu tempo a resolver, xa que tivo que desenmarañar o traballo previo da Intervención anterior, e ao final esas subvencións quedaron colgadas.

A continuación formula as seguintes **PREGUNTAS:**

-Pregunta en qué consistían as obras do soto.

O Alcalde resposta que se está a facer un aula de ensaio insonorizada e outras dúas aulas didácticas para poder homologar no seu momento cursos regrados.

Jonathan Miranda engade que se trata de tres salas especiais, unha máis pequena, unha sala de teoría e dúas aulas polivalentes, das que unha delas está insonorizada, e pode ser para temas de emprego ou tamén para ensaios. E que tamén queda para este ano o mobiliario.

O Alcalde comenta que dende Burela ata Narón que non existen este tipo de aulas.

-Pregunta se se vai a contratar unha nova educadora familiar, xa que a que estaba rematou o contrato.

O Alcalde contesta que se vai a sacar a concurso a praza, e indica que incluso a praza vai incluída na Relación de Postos de Traballo, porque consideran que se trata dun posto de traballo importante.

Jonathan Miranda engade que ata que veña a concesión da subvención que non se pode contratar.

O Alcalde di que outra forma e solicitar á Deputación provincial que saquen antes a subvención, para así poder contratar antes.

-Uxío Cerecedo formula unha petición: que lle comentou algún comerciante ou autónomo que se intenten repartir os gastos entre os comerciantes locais.

O Alcalde dille que intentará mellorar o tema, di que non hai partidismo á hora de contratar, que nalgúns casos non se pode contratar con familiares directos de calquera dos concelleiros desta sala. E que houbo algún comercio que non estaba disposto a asumir os prazos de pago da Administración, que son 30 días.

-Pregunta se o abastecemento de auga se o segue levando o Concello, ao que o Alcalde resposta afirmativamente.

-Pregunta pola cobertura de m3viles, se se vai a denunciar ou a solicitar algo m3is en relaci3n con este tema.

O Alcalde expl3calle que a Fegamp fixo un acordo con Antega para dotar de cobertura m3vil todos aqueles puntos de sombra que exist3an nos Concellos de Galicia. Engade que o Concello ten que ser o que preste a finca para po3er a antena, e que son conscientes, que isto acarrear3 dificultades, e que falan da falta de cobertura de chamadas, pero non de datos. Di que en Landoi, no Cabo, que existe unha pequena zona de sombra, onde non hai cobertura, pero que o problema principal ser3 conseguir os terreos, e que para iso hai que taxar os terreos e facer un informe xustificativo.

A continuaci3n M^a Elisa Rodr3guez formula as seguintes **PREGUNTAS**:

-Pregunta polo retraso que existe coa obra da rampa do Castro, xa que esta semana estaban sacando os andamios.

O Alcalde com3ntalle que se estaba a botar hoxe o cemento.

Alberto Iglesias di que os andamios se quitaron para formigonar o fondo.

-Sobre as obras na r3a Cente3as: te3en co3ecemento do mal estado das vivendas, xa que existen grietas e fisuras nas mesmas. E que outro tema 3 o da entrada 3s casas que queden por debaixo das r3as.

Informan que a r3a Cente3as que est3 comezando a agrietarse, dende os sumidoiros comeza a facer grietas ata as casas. Engade que os veci3os realizaron queixas ao Concello cando se estaban a facer as obras.

O Alcalde comenta que hai unha carpeta en Secretar3a coas reclamaci3ns, que a empresa cobrou unha primeira certificaci3n de obra, pero que lle falta por cobrar unha cantidade importante, que non se lle pagar3 ata que non arranxe o tema, e que solicitaron pr3rroga 3 Deputaci3n.

M^a Elisa Rodr3guez dille que con independencia das grietas, que cando se realiza o cruce de San Xiao a Cente3as, que se deberon equivocar e comezaron a taladrar, facendo varios furados redondos, e que aquilo leva al3 dende o mes de maio. Roga que se emita informe sobre a situaci3n actual das obras en Cente3as.

O Alcalde dille que o mirarán.

M^a Elisa Rodr3guez pregunta qu3 apoio se lles est3 a dar aos veci3os afectados dende o Concello.

O Alcalde dille que o Concello se est3 a pelexar coa empresa en nome dos veci3os.

-Tendo en conta o perigosa que resulta a estrada dende A Pedra ata as praias de Fornos e Figueiras, o volume de tr3fico que vai cara a parroquia de Figueiroa, sobre todo no ver3n, e os viandantes a ditos lugares, en especial a xuventude que non ten coche e que fai o percorrido de ida e volta andando, pregunta se seguir3n ampliando a segunda fase da estrada que vai dende a praia de Fornos

O Alcalde dille que en breve ter3n algunhas novas.

-M^a Elisa Rodr3guez comenta que tras falar cos veci3os da zona que lles informan do seguinte para que tomen as medidas oportunas: que a s3a perigosidade comeza no paso de pe3ns que hai pintado no cruce da estrada xeral en A Cerca cara Figueiroa. Que en todo o tramo da estrada 3 importante a limpeza de cuneta,

en especial na zona da curva A Postiña, xa que hai restos de maleza procedentes dunha tala de árbores. E que na mesma zona, chegando á curva da Postiña, o novo quitamedos está demasiado orillado ao arcén, o que supón un gran perigo para a circulación

O Alcalde di que está en paralelo como todos os cruces que hai dende alí ata a estrada. Comenta o tema dos espellos, di que se hai que instalalos haberá que instalalos, pero que lle da rabia ver o pobo cheo de espellos, xa que quedan espantosos, e que hai que buscar outras alternativas.

-M^a Elisa Rodríguez pregunta polo incendio de coches que tivo lugar no centro de Cariño. Cómo ten o Alcalde pensado artellar a reacción dunha resposta rápida ante os feitos acontecidos ente as rúas do Campo e Iglesia o pasado 5 de novembro de 2019, co resultado de dous vehículos incendiados completamente e unha vivenda con danos a consecuencia do lume e das explosións dos vehículos.

O Alcalde dille que os veciños fixeron ben non facer fronte ao lume, porque para iso están os bombeiros. Di que o que non pode facer él é poñer a persoal laboral non formado para facer fronte a iso, xa que hai que facer unha dotación e un parque de bombeiros. Engade que o parque de bombeiros está en As Pontes, moi lonxe, e que aparte están os GES en Ortigueira, tratándose dun servizo supramunicipal.

-M^a Elisa Rodríguez ROGA que atendan ás seguintes incidencias presentada no Rexistro xeral do Concello:

1.- RE 1.982, 18/11/2019: un veciño solicita a instalación de un espello no cruce das rúas de Centeás, Campo, Santa María y estrada a San Xiao.

2.- RE 111, 06/02/2020: nove veciños solicitan a urxente reparación dos socavóns e acondicionamento da travesía Crecente Veiga. Unha rúa irregular, estreita e sen saída.

-M^a Elisa Rodríguez pregunta pola débeda total do Concello a día 1 de xaneiro de 2020. Di que a raíz das dúbidas e preguntas que lles realizan os veciños sobre a débeda e importe da mesma, queren que quede reflexado neste Pleno o anexo de débeda, da que adxuntan copia, que lles facilitan dende o Concello, no que a cantidade total de euros a devolver ascende a 458.273,77 euros.

O Alcalde explica que había 1.600.000 euros de débeda e 190.000 euros en facturas sen pagar. Di que se pagaron aos provedores, e que de 1.600.000 euros, se acolleron en 3 anos ao Plan de Aforro e Investimento da Deputación. Que un dos 3 plans o pidiu o goberno anterior no ano 2015, e que o anterior o solicitou o PSOE, debéndose á Deputación 400.000 euros e pico a tipo cero, non pagándose intereses.

Que a día de hoxe está por ver que se teñan que devolver eses cartos, que se trata de algo extraoficial, xa que a Deputación o está atrasando. E que lles consta que a Deputación está a buscar unha vía para que os Concellos non teñan que devolver eses cartos.

-M^a Elisa Rodríguez di que tendo en conta o anteproxecto do orzamento de ingresos, onde soamente se orzamentan 2.500 euros por ingresos anuais no ano 2020 por licenzas urbanísticas, reiteran que os informen do estado da actualización do Plan urbanístico do Concello.

O Alcalde explica que se atopa en tramitación, e que tiñan prevista unha reunión co responsable da empresa fai unhas semanas, pero que ao final, por motivos familiares que non puido vir. Engade que o Plan foi informado pola Xunta de Galicia, que houbo que traducilo a castelán para enviálo a Costas do Estado, e que

se mandou tamén ao Ministerio de Medio Ambiente para que informen a parte que lles corresponde, e que despois se traerá a Pleno para a súa aprobación inicial.

-M^a Elisa Rodríguez pregunta sobre o centro de día: di que o 12/08/2008 sae unha nota de prensa na Voz de Galicia na que José Luís Armada di que estaba listo a mediados do 2009; o 19/10/2018 sae outra nova na Voz de Galicia, na que se di que Cariño desbloquea a situación do centro de día, e que José M. Alonso agarda ter o proxecto listo a principios de 2019 para rematar o inmueble. Que o 09/11/2019, un día antes das eleccións, no período de reflexión, se publica unha nova no Diario de Ferrol, onde o Alcalde comenta que Cariño desbloquea as obras para rematar o centro de día e convertilo en residencia de maiores.

Engade que estes resumes de prensa é a información que teñen sobre o centro de día, e tamén se pode apreciar o mal estado exterior do edificio, ignorando o interior.

Pregunta ao Alcalde se lles pode facilitar a información real e detallada sobre a situación e estado do edificio que os veciños levan máis de dez anos solicitando e que os maiores necesitan con máxima urxencia, ou se simplemente o volverá a vender como cebo electoral nas vindeiras eleccións.

O Alcalde explica que no centro de día fíxose un traballo administrativo que levou moitos meses porque a empresa quebrou, quedando afectada pola Administración concursal. Que unha vez declarado o estado de liquidación, que se resolve o contrato coa empresa, incautándose a fianza por importe de 58.000 euros, debéndose destinar dito importe ao mesmo fin. Que esa cantidade se incorpora á contabilidade deste ano, e que con eses cartos se fixeron unhas catas para ver o estado do inmueble, co obxecto de sacar a licitación a redacción do proxecto e unhas traballos básicos de limpeza.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo.- José M. Alonso Pumar

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez